

FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

Carballiñés, estudia Historia da Arte na universidade Compostelán.

Dende 1975 Director-Conservador do Museo Arqueolóxico de A Coruña, ubicado no Castelo de San Antón. Membro do Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” (1977). Numerario da Real Academia Galega de Belas Artes (1987), na que entra cun discurso sobre “As Fontes de Galicia”, numerario do “Instituto Xosé Cornide de Estudos Coruñeses” (1988) ingresando coa disertación sobre “A problemática do Castro de Elviña”.

Cunha ampla actividade divulgadora contribuindo á normalización cultural de Galicia. Creador da Asociación de “Amigos do Museo Arqueolóxico de A Coruña”, que recibiu en 1995

o Premio Otero Pedrayo pola súa constante traxectoria na defensa e divulgación do patrimonio cultural galego, cun lema “Coñecer para querer”, coas “xeiras” ao longo e ancho de Galicia.

Autor de innumerables traballos sobre temas de etnoarqueoloxía, simbolismo, museoloxía.

Director do Boletín “Brigantium”, editado polo Museo Arqueolóxico de A Coruña.



*Casa Museo Otero Pedrayo
Amoeiro (Ourense).
Despacho de D. Ramón.*

Trasalba onte, Trasalba hoxe, Trasalba sempre



Felipe-Senén

vai a modo, semella unha baraza de prata no vagar dos encoros, vai cara a Ventosela e Castrelo, onde o Coto de Novelle vixía e señorea por riba dos montes ondulados, sempre dicía don Ramón Otero Pedrayo, franciscán, animista, panteista, que o Coto de Novelle semellaba un axexante moucho abrindo as ás...

CHEGAR Á SOLAINA

DE TRASALBA,

DEIXAR O CIPRÉS

XA MURCHO...

A Trasalba chégase por moitos lugares: os camiños que veñen de Santiago encontran coa encrucillada de Tamallancos coas as súas casiñas seguindo a estrada, noutrora tiña como bandeira un agudo ciprés, tamén querido por don Ramón, agora murcho, como un defunto, unha nostalxia do pasado, ninguén se preocupou en replantalo nova-

Outono e a primavera teñen o seu mellor santuario en Trasalba, aldeña que pon fin aos Chaos de Amoeiro, terras das panadeiras de Cea, alí é onde abre a bocarribeira que mira aos ribeiros do Miño e mais do Viñao. Terras de Arrabaldo, Barbantes, Punxín de San Wintila, e xa cara as montañas da Madalena, dibuxando no horizonte a silueta de "can de palleiro deitado", está Maside e o Carballiño, vilas lineais nadas á beira do camiño, vellas vereas de arrieiros na

busca do lugar de encontro, a feira.

A aldea de Trasalba é como un galo señorito, empoleirado, mirando cara unha das máis fermosas estampas da Galiza: o Pico sagro do monte de San Trocado coa súa ermida, preto está o castro da "Cidade de Antioquía", como dicían os de antes, hoxe de San Cibrán de Lás, veciño de Salamonde, onde os horreos, as ermidas, os cabaceiros e as espadañas das igrexas son o herdo dos devanceiros. E abaixo está o Miño,



*Casa Museo Otero Pedrayo - Amoeiro (Ourense).
Cociña.*

mente e agasallar a memoria e as paisaxes de Otero. Alí é onde se vira a dirección cara Trasalba. E xa Amoeiro, capital do concello, coma quen di o corazón dos Chaos, de tanta sonda en vellas cantigas que gababan ás súas boas mozas.

*“Se me queres ter amigo
dame viño do Ribeiro
pantrigo de Ribadavia
nenas dos Chaos de Amoeiro”*

Para os que veñan de Pontevedra e pasen polo Carballiño, poden subir a Trasalba dende as curvas do Viñao,

tendo a carón un dos viaductos do ferrocarril Zamora-A Coruña, ou ben poden seguir cara a Arrabaldo e subir a empinada encosta, ollando no baixo o Miño entre vides. Camiños que don Ramón fixo na súa mocidade a cabalo. Namentres que para os que veñan de Ourense poden xa subir dende o barrio da Ponte, seguir por Vilar das Tres, enigmáticos montes pedregosos feitos hoxe vertedeiros de lixo, alguén quixo poñer por alí o lexendario Medulio. Non lonxe está Beiro, onde sempre lembraremos ao crego agrarista Basilio Álvarez.

Trasalba é parada obrigada para

visitar a CASA MUSEU DE OTERO PEDRAYO, a **Casa Grande de Cima da Vila** está a carón dun pequeno e harmonioso pazo con capela, brasonado de tristes historias que inspiraron a don Ramón, trátase do pazo Gaión, mercado polos avós de Otero, cedido por dona Eladia como escola na que impartiu clase o mestre poeta Noriega Varela, e os nenos quentábanse queimando as madeiras que arrincaban do sobrado, hoxe é un pardiñeiro, nas derradeiras décadas ollamos o seu esmoreamento. Don Ramón tivo que vender aquel tristeiro pazo pouco antes do seu pasamento, naqueles anos setenta da invernia do Señor de Trasalba, cando repetía, *“son unha pantasma do século XIX”*, teimaba coa morte e os amigos dicíanlle *“pase esa follá don Ramón...”*

**UN OBSERVATORIO PARA
ENXERGAR A PAISAXE E
A PAISANAXE.**

Francisco Fernández del Riego, a quen Otero, tan especial no culto á

amizade, tiñao entre os bos amigos seus, nun fermoso libriño de título "O señor da casa Grande de Cima da Vila", editado pola propia fundación Otero Pedrayo, herdeira en nome de Galiza de todo o legado de quen foi patriarca, escribe:

"O campo e Otero viñeron a se vender entre si, como os gregos a seus mitos. O seu mito básico foi a terra natal. Pese á súa formación libresca, é importante sinalar que, en boa parte da súa obra, pensaba desde o mundo da aldea; desde ese mundo escultórico. De ahí o seu clasicismo aínda considerando o seu feitío romántico. Para el, o do campo parecíalle outro mundo máis constante que o da cidade... Os seus vellos xoguetes foron os úteis e enses antigos que poboaron de sombras a inqueda pupila da súa infancia. Coñeceu a idade da couza e a calidade dramática do pó que se prendía á súa xema, ao pulsar os dedos para unha apreciación valorativa da antigüidade. Sabía dos recenderes ambientais do XIX, do ritual ilustre, dos silencios carregados de historia, dos tempos devanceiros.

Un bargeño, un habano, un quinqué, tiñan para el o significado dunha longa procesión de moitas vidas de onte..."

Baril introdución estas ringleiras para coñecer o que foi centro cósmico de Otero Pedrayo: a Casa Grande de Cima da Vila, a casa como un observatorio orientado cara os devanceiros, os ancestros, a paisaxe e a paisanaxe de Galiza. Herdanza da nai, dona Eladia Pedrayo Ansear, quinta chantada a carón da sombra das ruínas do vello pazo, á que se chega por unha anterga congostra, con cruceiro na

encrucillada do soto, mesmo diante do portalón do pazo, como para esconxurar o ruín pasado, no pé unha inscrición di, ao xeito tradicional, quen foi seu canteiro e os oferentes desa "oración en pedra" que é todo cruceiro: Dona Eladia, dona Fita e don Ramón, un prego polos camiñantes. Por aqueles camiños nos difíciles anos da guerra pasou o fuxido Antón Alonso Ríos, tal como describe na autobiográfica "O señor Aframio", non quixo molestar nin comprometer a Otero. Alí tivo escola o poeta Noriega Varela, que estaba autorizado por dona Eladia para arrincar as taboas do chao e alcen-



*Casa Museo Otero Pedrayo - Amoeiro (Ourense).
Galería.*



*Casa Museo Otero Pedrayo - Amoeiro (Ourense).
Detalle da fachada principal.*

der a lareira para quentárense os escolantes.

No souto, os vellos castiñeiros ábrense en caracochas e fanse ancestrais compañeiros do casal, da vida e máis da obra de Otero. *“Unha bela, antiga e misteriosa casa, só pode sentirse e apreciarse en consonancia coa paisaxe”.*

A CASA MUDA SEU SENSO

ORIXINARIO.

Na limieira campá a inscrición de quen e cando se fixo: “Esta la hizo el

S. D. Benito Sotelo, año de 1764”, coroadada por dúas esferas como única concesión ornamental, enséñada racional xeométrica da Ilustración, e o xeneroso tornachuvias. Baixo del ábrese o portalón, noutora vello e gastado. ¿Onde están as caravillas, as vellas madeiras que renxeron ao golpe de mao dos amigos, de don Ramón, da familia?, agora novo do trinque e vernizado, pásase por un pequeno treito de corredor, xa empedrado, deixando á esquerda unha fonteliña con cano encadrado na escultura dunha torre e unha faciana queixulada en pedra grá, sen selo ao xeito das testas cur-

tadas célticas; deixa caer a auga no pilón lavadeiro, xeneroso abrevadeiro de benvinda para apagar a sede tanto dos facos como dos recién chegados.

O grande combarrizo para acoller os carros, hoxe lugar de acollida e posto de venda para os visitantes, onde tamén está o forno, a seu carón un pequeno cortello para aves de corral, onde endexamais faltaba, en vida de don Ramón, o pavo, con berros que agoiran fartura, imprescindible na mesa de Noiteboa, conxunto agora consolidado e retellado. E xa a casa: aproveitando e convivindo coa topografía, baixo as arcuacións estaban as escuras e frescas adegas, pipotes de madeira onde maduraba e melloraba o viño, agora é un pequeno auditorium. Arriba uns chanzos, lembranza do tradicional patín, que tantas veces serviron de improvisado escenario para fotografías cos amigos visitantes, dannos acceso ao corredor, dividido en balcón e fermosa galería, pintado todo de verde, traballada en carpintería de bisel ao xeito dos artesáns milmañas de Galiza, seguindo

modelos tradicionais da bisbarra, Castelao foi quen a deseñou. Dentro da galería acristalada hai cadeiras de bimbio encadrilado, ao xeito das que había nos balnearios, pintadas de branco, recentemente reenprazadas por outras moi diferentes, porque polo visto "estaban vellas" (¿Non hai restauradores?). A tapicería e as cortinas, como en toda a casa moi ao gusto de dona Fita, estampadas en vivas e grandes flores. Como decoración, figuriñas das cerámicas Celtas de Pontecesures sobre as mesas, agasallos ao don Ramón incondicional conferenciante sempre "de garda" no ir e vir por casinos, ateneos, asociacións dos catro puntos cardinais.

ENTRAMOS NA ESPIRAL DA PERDA DA PRESENCIA DE DON RAMÓN.

Ao entrar estaban os trasteiros, habitacións que se viron de cuartos para os criados, as paredes noutora estaban caleadas e sobre delas campaban enmarcadas láminas de paisaxes de Baviera, dos Alpes tan queri-

dos. Don Ramón devotamente respectaba os gustos dos devanceiros que se acumulaban na casa como estratos arqueolóxicos. Non se atrevía a mudar nada, custoulle poñerlle luz, repoñer algunhas cousas, as que facía con ese exquisito gusto de conservar a memoria do que foi. Así era a casa e don Ramón, ata despois do seu falecemento en que moitas cousas mudáronse e substituíronse polo Patronato: Repicáronse as paredes de pedra, aquelas láminas decimonónicas foron retiradas (¿?), en ocasións por obras máis recentes, de "oferente", ou "exvoto á memoria do patriarca", un xeito de ancestral acto de presenza nun lugar que de algún xeito consideramos santuario de galeguidade, como pasa na casa da Matanza de Padrón, hoxe como un "chalet", e eiquí conviría matizar moitas cousas, entrando no mundo da museoloxía, porque exemplos semellantes témolos no mundo, onde se diferencian os aspectos turísticos, comerciais do aporte e significación no seu contexto da casa, como núcleo ao que se vencellou o creador, neste caso don Ramón. Con todo, o sentir xenuino da casa de

don Ramón vaise perdendo, somentes a poderemos descubrir através da súa mesma literatura: a cociña coa súa lareira afumada, onde aquecía lembrar os versos dedicados ao "xamón", escritos en Monterroso na "Pelegrinaxe" a San Andrés de Teixido na compañía dos amigos, obra moi atinadamente reeditada por "Edicións do Castro", e aínda mellor en edición facsímil, **sen retoques:**

*"Rei da lareira, carne petrucia,
Da raza esgrevia garda-lo zume,
Xamón.*

...

*Sal do fumeiro, na noite negra
Do viño en xerra irmán doado,
Xamón.*

...

*Rei da mantenza, sol do fumeiro,
Que sempre agardes nosa chegada,
Xamón.*

Os mobles... Nos nosos días todo se anovou, as paredes alicatáronse con nova sensibilidade, puxéronse outros mobles e tamén calefacción...

O resto da casa, e moi especialmen-

te a habitación do matrimonio, segue igual, elemental, sobria. Do despacho, a "sacristía", chea de libros, dunha percha na porta colgan a muceta, a toga e o birrete azul do Catedrático de Xeografía. Falla aquela solemne cadeira que os seus amigos santiagueses lle regalaran e que sempre comentaba dela don Ramón polo baixo con respecto, fora da inquisición compostelana. Tiña unha cruz verde no respaldo de coiro, ponto para moitas pantasías. Nese constante "devalar" entre o que foi e o que é a casa, o que hai e o que falla, preguntei e dixéronme que se desfixeran dela porque estaba "carcomida"... (¿?). Un responsábel dun museo como é este que eiquí escribe, que visitou Trasalba, e compartiu coversas e "dedales" de Oporto con don Ramón, endexamais pode entender esto.

No salón segue presidindo, noutro lugar, o mapa do Fontán, sempre a carón da mesa camilla, do tresillo, para que o señor de Trasalba enxergara toda Galiza nuns intres, poder ollala e sentila dun soio pulo, tema sempre de conversa. As fiestras

abren súas xanelas ao mundo da bocarribeira: na noite as luceciñas de Punxín e de Maside no horizonte, de día, a primavera, o outono, verao, ventos, chuvias da Candeloria, o mencer e o serán furaban no interior da casa... O estrano e simbólico cadro, un "guasch" de Castela "O Souto dos gatos", gatos aforcados dun antergo castiñeiro, ¿que significación ten?

A porta que abre á solaina dos ouricelos, o lugar preferido por Otero, observatorio para axexar horizontes vivos, lugar baril para matinar e filosofar, fresqueiro para estar nas tardiñas soleadas do verao. Xa de moción alí don Ramón leu e aprendeu en francés as "Memorias de Ultratumba" do seu grande admirado, o escritor romántico bretón de **Saint Maló, Chatabriand**, o mesmo libro que pediu e leu Otero nos seus derradeiros intres, na antesala da morte, cando lle levaron a "artillería dos moribundos", as bombas de osixeno, na casa ourensá da rúa da Paz... soleira mirando cara os ribeiros; o Coto de Novelle, paisaxe noutro ensombrecida pola



*Casa Museo Otero Pedrayo Amoeiro (Ourense).
Detalle do despacho de D. Ramón.*

araucaria plantada polo pai o día do nacemento do fillo Ramón, un cinco de Marzal, día de San Adrián de 1888, Adrián Soutelo, Adrián Solovio serán personaxes autobiográficos, árbore dos araucanos vencida polo vento nun domingo de corredoiro de 1970, aquilo sempre o interpretou Otero como un ruín presaxio: no 1975 morreu dona Fita e un ano despois don Ramón. Os amigos fixeron o cadaleito coa madeira da Araucaria que levou o corpo de don Ramón, amortallado de franciscano ao cemiterio ourensá de San Francisco.

As estanterías invadeno todo agora na Casa Grande de Trasalba, con esa ansia de querer facer da casa unha biblioteca ou centro de estudo. Aquel lugar perde a autenticidade

inicial, súa fonda soleira literaria, súa poesía, a presenza do mesmo don Ramón vaise esvaindo.

RECUPERAR DA SÚA

HISTORIA TRÁXICA

O VELLO PAZO DE GAION.

Non é estrano, hoxe hai un teimudo afán de intermediar, de intervir, de modificalo todo, de xustificar a existencia de “técnicos” intervindo en todo. Tamén “se corrixe” a literatura de Otero, seu vocabulario, incluso a súa sintasi, pónense notas a pé de páxina nas novas edicións “*Otero emprega esta verba con fins diferenciadores...*” O privilexio de crear e recrear o idioma, arte, que foi propio e que tiveron escritores e artistas, está sendo vedado por algúns críticos. O enxergar de don Ramón non se entende, ofrécese xa todo modificado, e quizais non se entende a don Ramón porque tampouco se entende a unha parte de Galiza, que foi o contexto no que lle tocou vivir a Otero, onde o escenario é a casa, Trasalba, Ourense, Santiago, seu tempo, súa historia...

Unha das grandes sortes que servidor tivo foi coñecer e tratar a don Ramón, nel atopaba aos devanceiros... e poida que hoxe non entendamos a don Ramón porque tampouco entendemos a Galiza do seu tempo, así como súa filosofía do “**enxergar**” facer que a paisaxe, a nosa historia forme parte dun mesmo, sentíndoa e proxectándose a ela como parte inseparábel, xeito de panteísmo, de animismo xenuinamente galego, pero aínda así endexamais poderemos decatarnos dos enigmas das cousas, elas e nós estamos nun constante “**devalar**”, cambio: o camiño, as estacións do ano, as idades da vida, po exemplo, fan que as cousas estean sempre nun constante proceso de devir heraclitiano.

Otero Pedrayo nomeou albaceas seus a García Sabell, a Fernández del Riego, a Álvaro Gil, a Ogano Vázquez e a Severino Pérez coa ansia de destinar a súa casa de Trasalba “*ao máis axeitado fin que poda contribuir á difusión da cultura galega, como por exemplo a residencia de artistas e escritores durante o verao, centro de estudos etc...*”,

dispoñendo tamén que se instalase alí unha biblioteca cos libros que fiña na casa da rúa da Paz. Con todo, aquela Casa Grande de Cima de Vila perdeu moito de si, que era dos devanceiros e do mesmo don Ramón.

Entendendo a significación na cultura galega de Otero Pedrayo, todas as administracións deberán cavilar no futuro desa parte da vida de don Ramón, o vello pazo de Gaión, agora mesmo nun avergonzante estado de ruiña, a punto de caer o escudo, símbolo da casa, o tellado da capela e do resto do edificio xa se esmoreou. Facer xestións xenerosas para rescatar un singular edificio e boa parte da historia. Restaurado, serviría como anexo ao que entendo debiera ser intocábel casa-museo de Otero Pedrayo, aplicando no lugar recuperado novos espazos para todo o que hoxe en día require a actividade sociocultural, o turismo, sen dañar a memoria dos espazos, dos escenarios oteropedraianos, a Casa Grande de Trasalba, iso si, aplicando para a súa conservación novas e vellas tecnoloxías, conxuntando espazos de onte e de hoxe.